

## LEMBRANDO A GUERRA E A POSGUERRA



*Enrique Picos, de S. Xoan, con outros soldados, en Sigüenza, no ano 1938  
(Foto cedida pola súa filla M<sup>a</sup> Teresa)*

Os maiores non lembramos con pesar ou tristura os vellos tempos. Pola contra, as nosas sensacións son de nostalxia e ledicia. Claro que entón éramos nenos ou mozos, e o empuxe da vida podía con todo. Necesidade? Había, sen dúbida, pero máis ou menos era para todos a mesma. Pobres e ricos? Sempre os houbo, pero as diferenzas estaban tan arraigadas e eran tan insuperables que, polo menos para nós os labregos, non deixaban lugar a envexas nin resentimentos sociais. Sinxelamente parecían insalvables. É agora, á luz do progreso actual, cando nos tornamos máis conscientes das privacións que sufríamos; anque deste tema aínda terían máis que dicir os nosos pais, se poideran facelo.

Pero cando recordamos a Guerra Civil e as súas consecuencias nos anos da Posguerra, nublase a expresión das nosas facianas, vólvese seria, e asoma aos nosos ollos parte do antigo terror, aquel que pode chegar a sentir un neno ao percibir o medo de seus pais, as medias palabras, o silencio e os murmurios nas noites, a escuras, cando se oían pasos estranos fóra da casa e, paralizados, todos rezábamos para que pasaran de longo e non ter que oír os golpes na porta, chamando, e ter que abrir...

Non falamos de culpables e inocentes, nin de bós ou malos, tal vez porque todos eran de todo ao mesmo tempo, xa que, en tempos de guerra, o home adoita sacar o peor de sí mesmo.

Moeche non foi, durante a guerra, escenario de ningunha batalla, pero sí se viu inmersa nas súas consecuencias máis sinistras: as persecucións. Persecucións implacables dos vencedores sobre os vencidos que, forzosamente, buscaban o monte para agocharse, e as casas das aldeas para abastecerse de alimentos para subsistir. Eran os “escapados”. Homes que loitaran pola República e perderan a guerra.

Na parroquia de Labacengos, un grupo de escapados cavou unha cova nun monte, e alí agochábanse durante o día e, pola noite, saían do seu escondite e ían a comprar á taberna ou, “pedían” cear na casa de calquera labrador, que se vía obrigado a abrir a porta e servirles do que houbera na casa, xa que ían armados. Facer tal cousa, estaba rigurosamente prohibido, e os veciños tiñan orde taxante de denunciar no cuartel da Garda Civil a calquera estrano ou sospeitoso que poideran ver. Pero os escapados, para defenderse diso, ameazaban de morte ao infeliz aldeano se se atrevía a denuncialos.

E se non denunciaba, e a Garda Civil tiña coñecemento dos feitos, levábano preso para matalo tamén, para que servira de exemplo aos demais.

Pero as máis temidas, o verdadeiro pesadelo, eran as chamadas “brigadillas”, gardas civís que, vestidos de paisano, facíanse pasar por escapados e pedían comida nas casas. Si o dono lla proporcionaba, aínda que fose por medo, eles revelaban a súa identidade e levábano para axusticialo, por “axudar aos perseguidos”.

Non é estrano que, nestas circunstancias, os campesiños, atrapados entre dous lumes e case sempre ignorantes e inocentes de calquera ideoloxía ou implicación política, pero vítimas delas, viviran en estado de permanente angustia, sen olvidar ademáis, a traxedia de tantas familias nas que algún fillo, pai, irmán ou marido caeu na fronte.

Na parroquia de Labacengos vivíronse con especial intensidade algúns episodios deste tipo, porque, como dicíamos antes, nun dos seus montes tiñan o seu escondite un grupo de escapados. A Garda Civil, coñecedora diso, ordeou limpar os montes, cada un os seus, para poder atopalos con máis facilidade. E sucedeu que un veciño de Labacengos, limpando un dos seus montes, o do Pico, no lugar de Monteluz, topou coa cova; anque nela non había ninguén él víuse obrigado a poñelo en coñecemento da Garda Civil. Pero os escapados souberon quen fora e non perdoaron, e, pasado menos dun mes, viñeron a axustarlle as contas. A súa filla Obdulia, que por entón tiña dezaseis anos, recórdao así:

“Era a tarde do 20 de maio. Meu pai viña para a casa cun carro de braña e cando chegou, uns homes que o agardaban no camiño, trouxérono para o curral da casa, e diante de todos nós, os fillos e miña nai, abatírono a tiros e alí quedou. Miña irmá máis vella quíxose poñer ao seu lado para ver se o impedía, pero botárona para un lado e logo dispararon. Foi unha impresión tan grande, que as imaxes daquela escena acompañaranme, imborrables, para sempre, e quedoume tanto medo que pensei que nunca máis podería sair soia da casa ou andar fóra pola noite”.

Tamén se deu o caso de que nunha taberna, frecuentada por gardas civís que adoitaban cear e pasar as súas veladas nun reservado do piso de arriba, viñan escapados a facer algunhas compras a altas horas da noite, coincidindo nalgunhas ocasións os gardas, arriba, e os escapados, abaixo. O taberneiro, aterrorizado, non podendo impedir a entrada a uns nin a outros, en canto puido, pechou a porta e fuxiu buscando un lugar máis tranquilo para vivir, pensando, con razón, que a súa vida pendía dun fío.

A Igrexa, moi poderosa naqueles tempos, era a miúdo fonte de información para as autoridades do Réxime na búsqueda de opositores. Mais tamén niso, como en todo, o factor humano foi decisivo. Houbo curas, tamén en concellos veciños, que se convertiron en delatores e por causa deles foron axusticiados moitos homes, pagando a súa oposición política ou, tal vez, algunha disputa ou rencor persoal. Outros, en cambio, sabedores de certas informacións comprometedoras, protexeron aos seus parroquianos ata o final.

D. Francisco, o que era cura de Labacengos, que quen sabe por qué, era vítima de burlas e escarnios por parte de certos feligreses e, sobre todo, dalgús rapaces novos da parroquia, era un crego tal vez un pouco pesado para os asuntos da liturxia; pero chegada a hora da verdade, portouse, e, ante a pregunta da Garda Civil: “Quén sobra aquí?”, respondeu: “Na miña parroquia non sobra ninguén!”, gardando para sí calquera información que sen dúbida houbera comprometido a algunhas persoas e perdendo así a ocasión de resarcirse das ofensas sufridas.

Un grupo de escapados queimou a casa dun home da parroquia de S. Xurxo, que pertencía á Xunta de Abastos, e que era encargado de facer a requisa de alimentos no Concello, e da cal falaremos máis adiante. Como dicíamos, queimoulle a casa, pero antes sacaron da cama, envolta nunca manta, a unha irmá deficiente que se atopaba dentro.



*Enrique Picos, de S. Xoan, en Talavera de la Reina xunto con outros soldados no ano 1938. (Foto cedida pola súa filla M<sup>a</sup> Teresa)*

Un veciño do lugar do Peneiro, na parroquia de Abade, chamado Xoan, viviu unha historia digna dunha novela ou unha película. Republicano convencido e de ideoloxía esquerdista, atopábase en Ferrol cun amigo, en asuntos de política, cando tivo lugar o Alzamento Militar. Mataron ao seu amigo e él, desconfiando de que o mataran tamén, nada máis chegar á casa foise alistar como voluntario para ir á guerra. Lóxicamente correspondeulle loitar ao lado das tropas alcistas, é dicir, có exército de Franco, como todos os reclutados por esta zona. Pero os seus plans eran outros... Tan pronto como chegou á fronte, preguntou a un veciño có que se atopou, se sabía onde estaban os “roxos”, e en canto puido, arreglouse para chegar ata eles e unirse á súa causa. Prosperou e ata logrou ascender e acadar postos de certa responsabilidade dentro do exército, pero no curso dunha batalla en Asturias, foi feito prisioneiro polo exército inimigo. Cando ían a fusilalo, xunto con outros prisioneiros, ao cruzar unha fraga, declarou que necesitaba apartarse a un lado para satisfacer as súas necesidades. Permitíronllo, e él, aproveitando un descuido, botou a correr. Perseguírono e disparáronlle varias veces, pero só o alcanzaron nos dedos dun pé, a resultas do cal quedou un pouco coxo. Có tempo, conseguiu vover para a súa casa, en Moeche, e alí viviu agochado a maior parte do tempo: no palleiro, nun monte do Coto de Trieiro e noutros inxenosos escondedoiros nos que a Garda Civil, que o buscaba, nunca foi capaz de atopalo. Denunciouno un familiar, unha tía, quen informou aos gardas do seu

paradeiro, e cando chegaron, non tivo máis tempo que botarse no medio dunha pila de follas de millo e taparse como puido con elas. Mandaba o grupo de gardas un tenente que vivía en Sta. Cruz: D. Constantino, que tiña fama de bondadoso. Chegaron ao lugar onde estaba agochado, o tenente adiantouse, botou unha ollada, e dixo aos outros: “Pois aquí non hai nada. Vámonos!” Súa tía volveu a denunciálo, pero o tenente ao mando, anque facía as dilixencias pertinentes, non poñía, según relatan os familiares, moito empeño en dar con el. Pasado un tempo foise para Asturias, e alí se estableceu. Escribiu a seu irmán dicíndolle que de momento non podía volver, xa que aquí o agardaban dúas mozas e temía as consecuencias, así que, polo que se ve, pese ás súas perigosas andanzas aínda tiña fol para meterse en líos de saías. Pero aínda despois de pasados catorce anos do final da guerra, detivérono en Asturias por a mesma causa e estivo no cárcere, anque, finalmente, deixárono en liberdade.

Tamén un veciño da parroquia de S. Xoan, desertou estando na fronte, no País Vasco. Alí coñeceu unha rapaza, namorouse dela e, xuntos, cruzaron a fronteira con Francia onde viviron varios anos nos que o consideraron morto. Algúns lembramos a súa nai, comprensiblemente abatida, gardando loito por el. Pero pasados os anos, chegou unha carta súa que o carteiro, que recoñeceu o nome, se apresurou a levar a seu irmán, que se atopaba collendo nas patacas e que levou unha gran alegría, anque a pena foi que súa nai non vivise para sabelo.

Un suceso que deu moito que falar, tivo lugar no lugar de S. Ramón, onde nuha ocasión se atopáron un grupo de escapados e outro de gardas civís. Armouse un tiroteo, do que, aínda quedan as marcas nas paredes do que hoxe é o restaurante Casa Pena, cerca da feira. Un home que viña camiñando pola rúa e que estaba en posesión dunha arma (tal vez porque traballaba na administración do Concello e estaba metido en asuntos de política), ao escoitar os tiros, tomou parte na refrega, a favor dos gardas. Dous escapados, pouco despois, agardárono no camiño por onde ía sempre para a súa casa, disparáronlle e matárono. Pero algo non cadraba... Chamaron a unha muller que estaba traballando alí cerca e preguntáronlle: “¿Conoce a este hombre?”. Ela respondeu: “Non sei, non lle vexo a cara”, xa que estaba tirado de bruces. Entón déronlle a volta e ela dixo: Ai!, Fulanito!, nomeándoo. Os escapados miráronse e díxolle un ao outro: “¿No te decía yo que no era él?” E non, non era él, era seu irmán. A cruz que recorda a súa morte, atópase no lugar de Os Campos, na parroquia de S. Xurxo.

Tamén se sabe dun rapaz de S. Xoan que se negou a ir á guerra e foi dado por desertor. Cando a Garda Civil viña á casa, a buscalo para levalo preso e, probablemente ser executado, xa que a deserción é delito gravísimo en tempo de guerra, él agochábase no oco que tiña debaixo da lareira e nunca alí o atoparon. O resto do tempo, durante anos, pasabao no faiado da casa, vestido de muller, para que nunca puideran sospeitar, e a tal punto soubo levar o disimulo que tivo un fillo e o neno chamáballe “tía”.

## **A REQUISA**

Nos primeiros anos da posguerra, é dicir, a principios dos anos corenta, tivo lugar o que nós recordamos como “a requisa”. Tratábase de que as autoridades, para

abastecer ao Exército, obrigaban aos labregos a vender os seus produtos a un precio inxusto. É dicir, requisaban alimentos e ninguén se podía negar a colaborar.

Había requisa de gando e requisa de froito, ( patacas, fabas, trigo, etc.) e, para levala a cabo, foron nomeadas polo concello unha serie de persoas que eran as encargadas de ir polas casas para ver o que había e así, conforme a iso, ordear a requisa de tal animal ou de tal cantidade de patacas, ou trigo, ou o que fora. Estas prácticas daban lugar, como é comprensible, a episodios de corrupción ou favoritismo que había que aceptar con resignación, xa que ninguén ousaba protestar

Algúns de nós lembramos moi ben cando acompañabamos aos nosos pais ao concello, con carros cargados de patacas, por exemplo, das que de sobra daríamos conta na casa naqueles tempos de necesidade, e tamén lembramos o que se recelaban as visitas do “ollador” do gando que, en función do que consideraba que podía aportar a casa, mandaba levar o animal que a él lle parecese. Había unhas básculas onde se pesaban e logo pagaban, sí, pero precios ridículos, moi inferiores ao seu valor real, que a ninguén satisfacían. Tampouco perdoaban a aquelas familias que tiñan máis fillos, nin ás que tiñan pouco capital, anque, lóxicamente levasen máis das que máis tiñan. Era o signo dos tempos.



*Mozos e mozas de Abade, nunca xornada de traballo nos tempos da Posguerra. (Foto cedida por Emilia Cereijo)*

## O INCENDIO DA CASA DO CONCELLO

Un suceso notable aconteceu en Moeche nos anos da Posguerra: o incendio da Casa do Concello, no lugar de Os Campos, na parroquia de S. Xurxo.

Era unha tarde calurosa de verán, o día 14 de agosto de 1948. Algúns veciños de Labacengos, que se atopaban mallando, divisaron a columna de fume e, comprendendo que se trataba dun incendio, deixaron o traballo e foron para aló, para axudar a apagalo. Chegando ao lugar, decatáronse de que a casa que ardía era a Casa Consistorial e que había panfletos polo chan e fotos de persoeiros políticos colgadas nas árbores, có que caeron na conta da orixe intencionada e presumiblemente política do sinistro. Entón deron volta e retornaron ás súas labores, non desexando inmiscuirse en loitas perigosas nas que nada tiñan que ver.

Foi de dominio público que o incendio fora provocado polos escapados, xa que polo visto, no edificio atopábanse probas incriminatorias contra eles, recabadas polo que era entón secretario do Concello, involucrado activamente na súa persecución, e que, como relatábamnos en números anteriores, tomara parte en tiroteos e fora vítima dun intento de asesinato por parte dos escapados, a resultas do cal, morrera seu irmán.

As probas desapareceron, devoradas polas lapas e, con elas, todos os arquivos e rexistros existentes na casa, que ardeu ata os cimentos.

Sendo así, a partir daquela data, cando se necesitou certificar calquer dato referido ao nacemento, estado civil ou defunción dunha persoa nacida antes do 14 de agosto de 1948, houbo, e hai, que acudir aos rexistros eclesiásticos de cada parroquia, desde onde o cura expide as certificacións e partidas requeridas. Non esquezamos que naquela época, todas as incidencias persoais de relevancia e de interese para a administración, pasaban necesariamente pola Igrexa e os seus exhaustivos e minuciosos arquivos.

O Rexistro Civil púxose en funcionamento de novo o 18 de agosto, é dicir, catro días despois do incendio, có nome do primeiro neno nacido aquel día: Xosé Abel Pazo Novo.

Foron anos moi difíciles, é verdade, sobre todo para as persoas que loitaron na guerra e sufriron persecución. A destrución ocasionada pola guerra, nun país que xa non partía dunha situación próspera, unida ao illamento exterior, propiciado polo rexeitamento internacional a un Réxime opresor instaurado por medios ética e políticamente inaceptables; a fuxida de cerebros que buscaron o exilio e a feroz represión sobre a oposición política traducida en execucións, torturas, persecucións e encarceramentos, no marco das consecuencias da guerra, sí, pero que, anque suavizadas, continuaron por décadas e, en suma, a indefensión total e absoluta do cidadán ante os poderes do Estado, fixeron desta época unha das máis escuras da nosa Historia.

Pero a vida ten múltiples facetas, e noutras delas pódese atopar acomodo no eterno descender da vida. E nós, labregos e fillos de labregos sen vocación política algunha, vivimos os anos da nosa xuventude tan felices e contentos coma se nada pasara. O sol resplandecía igual que sempre. A primaveira chegaba e, tras dela, o verán, como foi e será no contínuo fluir do tempo, e nós íamos a festas, divertíamonos, namorábamonos..., o mesmo que sempre.

Así dicía, pero moito mellor que nós o escritor Gonzalo Torrente Ballester, no final do seu libro “La Pascua triste”, da triloxía “Los gozos y las sombras”, poñendo en boca dunha persoa do pobo chan e referíndose a estes tempos da posguerra, as seguintes palabras: ...”Dicen por ahí afuera que no tenemos libertad. ¡Qué tontería! La gente sigue bebiendo, se murmura del gobierno cuando viene a cuento y en las noches de calor, la juventud fornicaba en los sembrados que es una gloria. ¿Habrá libertad mayor?”